

PROPOSTA SECUENCIADA DA PROGRAMACIÓN DA BIBLIOTECA PARA O CURSO 2021-2022.

A) EQUIPO DE PROFESORES

M^a Teresa Fidalgo Villaverde.

Este curso recuperamos a normalidade, aínda que tendo en conta os protocolos da Consellería. Hai que seguir dando prioridade aos aspectos sanitarios e o instituto volve a organizarse para logralo. O curso pasado a pesar das circunstancias a biblioteca e a comunidade escolar levou a cabo moitas actividades e seguiu aumentando e renovando os fondos. Este curso esperamos recuperar a actividade anterior a pandemia. O equipo da biblioteca estará formado por: a coordinadora M^a Teresa Fidalgo Villaverde (8h), o profesor de X^a e Historia Xosé Ramón Pérez Calvelo (2h), José Dopazo Blando (1h) de Grego e Latín, Rosa Santos Calo de Lingua e Literatura galega (1h) e Gemma Patiño Vázquez de Lingua e Literatura castelá (1h). Tamén contamos coa colaboración da subdirectora Lidia Fernández Pastoriza e da coordinadora de Normalización Lingüística Ana Belén Vázquez Pardal e da subdirectora Fátima Barreiro.

Nas instrucións do 9 de xullo de 2021 da dirección xeral de Centros e Recursos humanos indicánnos que debemos seguir os protocolos xerais publicados pola Consellería de Educación e así o faremos. Tamén nos informan que debemos prepararnos e polo tanto programar tres escenarios posibles para este curso: presencial, semipresencial e telemático.

Protocolo de seguridade e hixiene:

Normas de uso da biblioteca para o curso 2021-22:

- 1.- O aforo da biblioteca limitarase ao 50% segundo o establecido no protocolo para o ensino non universitario. Na entrada colocárase un cartel informativo sobre a disposición interior. Nas mesas poñeráse un sinal nos lugares que poidan ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade.
- 2.- A entrada farase pola porta contigua a secretaría e a saída pola porta situada fronte a dirección. Haberá carteis e indicacións no chan.
- 3.- Colocarase a disposición dos usuarios xel hidroalcohólico para a desinfección das mans. Cando rematen a sesión deberán desinfectar o espazo que ocuparon, para o que terán, do mesmo xeito, materiais a súa disposición.
- 4.- Todos os materiais da oficina de xestión da biblioteca serán manipulados só polo equipo da biblioteca.

5.- O servizo de préstamo será o habitual, os libros devoltos serán colocados nunha caixa, disposta a tal efecto, na que permaneceran ata o día seguinte que se devolveran de xeito dixital.

6.- A biblioteca establecerá un horario para a petición e devolución de libros, os distintos niveis poderán acudir a biblioteca segundo o establecido no mesmo para previr aglomeracións.

7.- O alumnado será instruído nunhas rutinas durante as xornadas de formación de usuarios (primeiras semanas): uso do xel para as mans a entrada, hixienizar o posto ocupado o remate da sesión, uso de máscara, desinfección de mans e mantemento da distancia de seguridade.

8. Os materiais dos andeis só poderán ser manipulados pola coordinadora, colocaranse cintas de protección que indiquen que, o alumnado, debe avisar para collelos, só o equipo os manipulará tendo en conta as normas de hixiene.

9.- Os xogos de mesa serán postos a disposición do alumnado. Sumo coidado de todos os materiais de exposición, estética, uso colectivo, etc

10.- A biblioteca potenciara todos os recursos dixitais a súa disposición: lectura dixitais, recursos das distintas materias na web do Centro, blog da biblioteca, programa Elbe.2, etc.

B) SERVIZOS E FUNCIÓNS. PROXECTOS.

- **Presentación, xestión, préstamo e catalogación, selección e adquisición de fondos, atención a morosos e recolocación.**

A Biblioteca presentarase á comunidade escolar a última semana de setembro ordenada, con guías de lectura, boletíns de presentación e información (soporte dixital, blog). Os grupos da ESO baixaran de xeito ordenado a biblioteca, onde a coordinadora lles explicará (1º ESO) o seu funcionamento ou ben llo recordará aos demais grupos. Baixarán en quendas previamente organizadas e ordenados.

Este curso a selección, igual que o pasado, para a hora de ler será individual e co equipo como guía, posto que non se poden tocar os libros.

- **Expurgo, espazo e recatalogación.** Continuarase co expurgo de documentos, creación de novos espazos, pensamos iniciar unha sección de rexistros históricos da biblioteca, e recatalogación de materias, O curso 2015-16 fíxose o expurgo de Lingua e Literatura galega, no curso 2016-17 continuamos co mesmo con Lingua Española e fixemos parte da recatalogación de filosofía, no curso 2019/20, recatalogamos parte de lingua e literatura castelá, relixión e mitoloxía, continuamos con igualdade, historia e cómics en 2020/21 e proxectamos continuar con outras seccións no curso 2021/22 para avanzar na reordenación e renovación da biblioteca. **1º, 2º, 3º trimestre.**

- **Presentación e actividade de Educación Documental e Dixital.** No primeiro mes farase a presentación oficial e poñeranse en marcha actividades de educación documental e dixital para o novo alumnado (1º ESO / 1º Bacharelato). Pero a intención da Biblioteca é a de facer extensiva esta actividade a todos os grupos do Centro. As actividades de educación documental e dixital deberanse continuar ao longo do curso e iranse pactando cos profesores dos distintos grupos. Para toda a comunidade educativa estará aberta a Biblioteca e disposta a prestar a súa colaboración e a animar ao uso dos seus espazos e recursos nas tarefas cotiás. **1º, 2º, 3º trimestre.** (Coas limitacións do protocolo de seguridade e hixiene).
- **Plantilla de Enderezos Básicos.** Corrección e ampliación da plantilla de enderezos básicos do espazo informático utilizado polo alumnado. **1º trimestre, primeiros días do curso.** Este curso terá especial importancia o uso dos recursos dixitais.
- **Recepción de pais.** durante o mes de setembro e outubro aproveitando as reunións iniciais dos pais cos titores (se teñen lugar este curso), con un membro do equipo directivo e a orientadora, a responsable da biblioteca fará a presentación da mesma aos pais do alumnado de 1º da ESO para explicarlles o funcionamento da mesma. Con este fin, estamos actualizando a presentación en power point usada o curso anterior.
- **Grupos de Estudo, “a biblioteca, compensadora de desigualdades”.** Os grupos de apoio ao estudo que se viñan realizando dous días pola tarde ao longo do curso, non se poden facer por falta de profesorado debido ás actuais circunstancias. Pasou o curso pasado e repítese este curso.
- **Memoria fotográfica.** Abriremos o curso cunha exposición da memoria fotográfica das actividades do curso anterior.
- Este curso as exposicións estarán de novo limitadas, pero si podemos mostralas en dixital na pantalla que hai na entrada e na páxina web do Centro e no blog da biblioteca: [a beira das palabras](#). Tamén faremos algunhas plastificadas como o curso anterior.
- **Divulgación. Divulgación de libros, cine, música, prensa** (guías, catálogos, propostas de lectura, carteis, blogs, exposicións, homenaxes a escritores, encontros con poetas e narradores, obradoiros, contacontos, boletíns para alumnado e profesorado, xornais en galego (difusión dos que se publican na rede e estamos subscritos ao xornal Sermos) e castelán e tamén noutras linguas aproveitando as viaxes que se realizan

no centro a outros países, **Divulgación de servizos, funcións** e recursos da Biblioteca (carteis, boletíns, blogs, guías) para alumnado e profesorado. Aproveitamento de todos os ocos libres na actividade cotiá do centro, titorías, gardas, ausencia de profesorado, para **ler** (soporte papel, soporte dixital), **ver cine e escoitar música** co alumnado.

- Incremento do número de lectores en todas as linguaxes e continuar atraendo alumnado á Biblioteca. **1º, 2º, 3º trimestre.**
- **Mochilas Viaxeiras.** Este curso, en principio, non faremos esta actividade debido aos protocolos de seguridade e hixiene. Estamos pendentes de poder facela.
- **Mobiliario.** Durante o curso anterior reorganizamos o espazo, colocamos novas andeis para substituír algunhas en mal estado, abrimos unha nova sección de inclusión dotada con materiais adecuados. Este curso precisamos cambiar as cadeiras de brazos, no presuposto do proxecto Meiga envían unha parte para mobiliario, aproveitaremos a ocasión.
- **Gardas de Biblioteca.** Sería moi necesario para boa marcha do centro e da actividade curricular e educativa que a Biblioteca estivera aberta e tivera cubertas con profesorado todas as horas da franxa lectiva (como ocurría nun tempo que xa nos tememos que empece a ser histórico) porén este curso a coordinadora intentará estar todos os recreos e as maior cantidade posible de horas, posto que apenas hai equipo da biblioteca. **1º, 2, 3º trimestre.**
- **Xogos de mesa nos recreos:** Cos novas instrucións podemos prestar de novo os xogos nos recreos, seguro que serán benvidos.
- **Cursiños de formación.** Profesoras e profesores de apoio á Biblioteca deberían asistir a cursiños de formación de maneira regular para aproveitamento da Biblioteca. Está obrigada a elo a súa coordinadora, estaremos a espera das novas do equipo de Meiga. **1º, 2º, 3º trimestre**
- **Hora de ler. Plan lector.** É necesario revisar o Plan Lector o curso 2016/17, durante este curso . A Biblioteca estará en todos os debates que se abran en torno a esta actividade e prestará todo o seu apoio ao **Plan lector** do centro, do que foi e segue a ser animadora. **1º, 2º, 3º trimestre.**
- **Clubs de lectura para este curso.** O curso pasado os clubs de lectura con alumnado non se fixeron por razóns sanitarias e por falta de profesorado, intentaremos recuperalos, haberá que falalo cos profesores pois debido a carga horaria os coordinadores só poderán ser, outra vez, voluntarios/as. Continuaremos as actividades do club de lectura de

adultos que empezou durante a pandemia. **En canto se concedan, empezarán a funcionar.**

- **Actividades de educación sobre a información e actividades dixitais na Biblioteca. Proxectos interdisciplinares.** Todos os cursos suxeríronse temas e prestouse axuda a todo o profesorado que a demandou. Este curso, primeiro de palabra e agora a través destas páxinas, xa ofrecemos -e seguiremolo facendo- a colaboración e os recursos da biblioteca para o desenvolvemento destes proxectos. **1º, 2º, 3º trimestre.**
- **Publicación continuada no Blog da Biblioteca e Normalización lingüística:** <http://abeiradaspalabras.blogspot.com> . Este blog segue a ser o escaparate do noso quefacer e a nosa filosofía así como instrumento que nos permite un labor de divulgación fundamental. É verdade que nos faltan mans e demandamos colaboración a todo o profesorado para poder seguir actualizándoo. Hai un decidido desexo de que funcione, sexa común, creativo, amplo e dinámico, pero tamén selectivo, non debe valer calquera cousa. Non debería ser caótico. Coordinadora da Biblioteca e Coordinadora de EDL **1º, 2º, 3º trimestre.**
- **Apoio a materia de Atención educativa** mediante os recursos e espazo da Biblioteca, e por suposto a todas as materias e profesorado que o demanden.

C) ACTIVIDADES CULTURAIS

Programación de actividades culturais e extraescolares dos departamentos de Normalización Lingüística e a Biblioteca.

- ❖ **Exposicións.** Ao longo do ano estaremos atentos a todas aquelas que poidamos conseguir e sexan de interese para o alumnado, o profesorado e a actividade curricular e educativa en cada momento. Non é preciso, en principio, describilas todas agora nin secuencialas porque nunca interromperían o normal funcionamento do centro. Tamén se exhibirán na Biblioteca todas aquelas exposicións que desexen vir ao centro por mediación doutros departamentos e sobre todo aquelas que xurdan da actividade do noso alumnado, que son sempre as máis desexables. Pola súa parte, a Biblioteca terá exposicións permanentes de libros: novidades, temas, autores, homenaxes, xéneros, celebracións, eventos culturais, científicos e tecnolóxicos, sociais ou políticos, dependendo das circunstancias. **1º, 2º, 3º trimestre.**

❖ **Obradoiros. Lectura e Creación.**

Estas actividades que sempre alegraban e dinamizaban as actividades educativas este curso intentaremos recuperalas. Non sabemos o que poderemos conseguir e o que será prudente facer. Ao longo do curso veremos que se pode organizar.

❖ **Encontros con escritores. Divulgación da lectura.**

Temos previsto que acudan ao centro distintos escritores, intentaremos que estean relacionados coas lecturas obrigatorias e voluntarias do alumnado, así espertan máis expectación.

❖ **Certames. Homenaxes.**

- Como cada ano, queremos participar no **concurso de creación literaria** convocado polo **IES de Sanxenxo**, no mes de abril ou maio, aproximadamente. **Require traslado** que é facilitado polo centro que o convoca. Tempo, **catro horas**. Acudirán unha **selección de alumnos** dos niveis que os profesores, comprometidos con esta actividade, estimen conveniente entre **1º ESO e 2º BACH.**. A preparación e preselección será durante o 2º trimestre. No festival organizado polo IES de Baltar entregaranse os premios deste concurso. **3º trimestre.**
- Concurso de creación literaria (poesía/microrrelato) do IES de Vilalonga **“Abril dos libros, maio das letras” Biblioteca e EDL**, que terá lugar entre os meses de abril e maio. Os premios entregaranse no festival de final de curso. **3º trimestre.**
- O Día Internacional do Libro, 23 de abril, celebrarase con exposicións de novidades, actividades de lectura e a actividade habitual de préstamo de libros, durante toda a mañá, baixo o lema **“Un libro, unha flor”**. **Todo o alumnado**. Non require fixar horario, utilizaranse preferentemente os recreos. Igual que o anterior esperemos que nesas datas a situación sexa mellor e poidamos celebralo. **3º trimestre.**
- **Día das Letras Galegas** haberá exposicións de libros do escritor homenaxeado, exposición de carteis, pase de documentais, banda deseñada en galego e actividades de educación documental e dixital sobre a obra do autor. Participarán nas actividades só os cursos, cuxos profesores decidan comprometerse. **Todo o alumnado**, pero non se require horario. Igual que o anterior esperemos que nesas datas a situación sexa mellor e poidamos celebralo. **3º trimestre.**
- A biblioteca apoia e colabora na súa divulgación coa actividade de creación de **“Enormic Banda”**, nº 19 da REVISTA de banda deseñada da CEDNL do Salnés. **Todo alumnado**. Non require horario. **2º trimestre.**

❖ **Celebraranse datas sinaladas:** Este curso guiarémonos pola lista enviada pola Consellería de Cultura e Educación:

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

❖ **Teatro.** A Biblioteca apoiará e participará nas saídas ao teatro do alumnado, para o que estudaremos os diversos programas que se oferten este ano, en distintos lugares de Galicia; aínda que se valorará a

proximidade xeográfica. Daráselle prioridade ao protocolo de Seguridade e Hixiene. **Todo o alumnado. Todo o curso.**

- ❖ **Música.** Divulgaremos e colaboraremos co Departamento de Música na asistencia a un concerto, pero tamén divulgaremos e colaboraremos na medida do posible noutros actos musicais. Actos coordinados polo profesor de música do centro Xoán Andrés Ventoso en calidade de membro da asociación de profesores de música. Daráselle prioridade ao protocolo de Seguridade e Hixiene. **3º trimestre**
- ❖ **Cine. Difusión do cine** da Biblioteca e das carteleiras comerciais. Nesta tarefa colaborará, estamos seguras, todo o profesorado do centro, como xa fixo no curso pasado. **1º, 2º, 3º trimestre.** Sen horario.
- ❖ **Ciencias.**
 - Trataremos de traer ao centro ou ao Pazo Emilia Pardo Bazán a algunha persoa destacada neste campo para que charle de **temas actuais relacionadas coa ciencia.**
 - Colaboración cos D. de Física e Química e de Tecnoloxía na realización da Semana das Ciencias. **Alumnado da Eso. 2º trimestre.**
 - Daráselle prioridade ao protocolo de Seguridade e Hixiene.
- ❖ **Crise, cooperación e solidaridade.**
 - No 1º trimestre realizaremos unha conferencia que trate temas de solidariedade e tolerancia, no 2º e 3º trimestres tamén programaremos actividades relacionadas con este tema.
 - Conferencia sobre a pandemia do coronavirus.
 - Conferencia sobre a Comarca do Salnés 1º trimestre?.
 - Conferencia sobre inmigración 2º trimestre?.
 - Conferencia sobre a lectura e os libros. 2º trimestre?
- ❖ **Intercambios. Colaboracións. Viaxes.**

En principio quedan suspendidos todos os intercambios ou viaxes, ao longo do curso veremos se é posible reanudar a actividade habitual. É prioritario o aspecto sanitario.
- ❖ **Traballo por proxectos:**

A biblioteca vai a participar, en colaboración coa subdirectora (Lidia Fernández), en cinco liñas de contrato-programa:



- IGUALA-T (materia de Igualdade en 2º da ESO, Proxecta 365 días de respecto e igualdade, creación da coordinación de Igualdade, elaboración dun Plan de igualdade...
- CONVIVE-T: seguimento e actuacións co alumnado que vai a convivencia, titorizacións, mediacións...
- INCLÚE-T: para afondar na atención ao alumnado que pode atopar barreiras que derivadas das súas condicións persoais ou sociais, poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro e na aula, pretendemos traballar en colaboración coas familias e outros membros da comunidade: titorías, asociacións, orientación...
- EMOCIONA-T: seguindo liñas de actuación como o TEI...

Estamos pendentes de que nos concedan.

Solicitáronse, tamén, tres proxecta para este curso, nos que a biblioteca quere participar:

- 365 días de respecto e igualdade.
- Xente con Don.
- Lingua, Patrimonio e coñecemento tradicional.

CONCLUSIÓN:

A Biblioteca estará implicada en todas as actividades que se describen nesta programación de diferentes maneiras: organización, participación, coordinación ou apoio e divulgación. Tamén dexemos participar en todas as actividades organizadas polos departamentos ou profesorado a título individual, pois a biblioteca sempre ten algo que aportar.

Esta programación está suxeita a cambios que se poden producir durante o curso debido a imprevistos pode haber actividades que non se realicen e segundo a marcha outras que si se farán.

O curso 2021/2022 vai a ser de recuperación, non podemos esquecer o Covid-19, pero a actividade da biblioteca vai a dinamizarse, é necesario recuperar actividades relegadas o curso anterior, aínda que seguiremos utilizando o máximo posible o formato dixital.

IES de Vilalonga

A BIBLIOTECA 15 / 09/ 2021

Coordinadora: M^a Teresa Fidalgo Villaverde